

# GIFTED *Detecta. Abrelles o camiño*

Ate o 13% dun grupo diverso (pacientes dun cupo, alumnado...) presenta altas capacidades (AACC) pero até o 98% está sen identificar, sobre todo nenas, e baixo nivel socioeconómico.

O seu perfil neuropsicolóxico é cualitativamente diferente (unha capacidade intelectual moi superior á media, alta perseverancia nas tarefas que os motivan, gran afán de logro e creatividade), polo que nun entorno "uniformador" que non respete as súas necesidades educativas poden sufrir desaxustes que motivarán consultas no seu Pediatra:

**Familiares:** crianza difícil, perrenchas, problemas de sono...

## Docentes

**Escolares:** aparente falta de atención, desmotivación, fobia escolar, mal comportamento, bullying...

**Emocionais:** síntense "raros", baixa autoestima, ansiedade, somatizacións...

e poden chegar a ser falsamente etiquetados de TDAH, TEA, trastorno oposicionista-desafiante...

Unha detección precoz, a partir dos 4-5 anos, pode axudar a revertir a alta taxa de fracaso escolar (30-50%) e sufrimento persoal e familiar.

## Psicólogos/as

## Pediatras

## Familia

### Claves para facilitar a súa identificación:

- ✓ Capacidade verbal moi superior á súa idade, e ás veces asíncrona con outras áreas de desenvolvemento
- ✓ Curiosidade insaciable e interese nalgúns temas nos que aprofundan e rápidamente dominan
- ✓ Comprensión rápida e intuitiva de conceptos complexos, habilidade para relacionalos entre si
- ✓ Impresionante memoria a longo prazo
- ✓ Creatividade, buscan e aportan solucións innovadoras aos problemas
- ✓ Alta intensidade emocional e do sentido da moral-xustiza
- ✓ Sensibilidade e perfeccionismo, as veces "paralizante"
- ✓ Sentido do humor adiantado á súa idade
- ✓ Capacidade para levar a cabo tarefas independentes e autodirixidas
- ✓ Talento nalgunha área específica: mates, debuxo, música, xogos, lectura...

Se sospeitas, podes solicitar test para familias e docentes en [info@altascapacidadesgalicia.org](mailto:info@altascapacidadesgalicia.org) e derivar ó Departamento de Orientación do centro escolar ou, no seu defecto, á Unidade de Atención Educativa ás Altas Capacidades da USC.